ABAU 2026

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ARTES ESCÉNICAS
(Cód. L60)

Valorarase a aplicación dos aspectos competenciais necesarios para desenvolver as ideas que se indican nos enunciados das preguntas. É importante situar correctamente a obra obxecto de análise no seu contexto histórico e literario, e o dominio das artes escénicas, tanto no aspecto teórico como no deseño da posta en escena do fragmento de texto que se facilita no exame. Neste apartado terase en conta o coñecemento das particularidades das distintas fases necesarias para a montaxe dunha obra. É importante que o alumno/a saiba identificar, describir e analizar con rigor os diferentes elementos que integran o proceso necesario para a materialización dun espectáculo. Amáis terase en conta a capacidade de argumentación, a coherencia discursiva do relato e a creatividade nos plantexamentos que se fagan á hora de trasladar o texto á escena.
Tamén se valorará a concreción e o rigor nas explicacións de carácter teórico.

A coherencia, a cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación, poderán ser consideradas tamén positivamente, de forma global, ata un máximo de 1 punto.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2026

Asdo.: Xosé Soengas Pérez
Director do Grupo de Traballo